

1º BAC HISTORIA..DOCUMENTAL.. AUSCHWITZ, LA FÁBRICA DE MUERTE

Ola a todos.

A semana pasada fixemos unha introdución ao fenómeno da Shoah, ou Holocausto. O exterminio de xudeus (e non só de xudeus) durante a II Guerra Mundial.

Agora imos ver un documental que mostra o sufrimento das vítimas e a crueldade dos verdugos. O documental recibe o nome, bastante descritivo, de “Auschwitz, la fábrica de muerte”.

Este é un traballo optativo, non é necesario facelo. Se o ides facer, por favor, ten que ser un traballo reflexivo e persoal. Que ninguén copie da wikipedia!! Sería unha falta de respecto.

O TRABALLO

Recordade que é optativo.

- 1) Ver o documental. Podes enganchar nesta dirección de youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=5NDzSmLOtLo>, ou simplemente buscar o título do documental na barra de youtube.

O documental ten unha duración de máis dunha hora, pero eu recomendo empezar no minuto 29, no capítulo denominado “Transporte”.

- 2) Escribir un resumo do documental, explicando ben o proceso de exterminio en Auschwitz ademais da atitude dos verdugos (SS) e todos os detalles que te parezan relevantes. (entre 150-300 palabras)
- 3) Escribir unha reflexión sobre a escena do documental que máis che impresionou. Cita a escena e escribe os teus motivos (100-150 palabras)

Os traballos deben enviarse á dirección de correo habitual antes das 24:00 horas do venres 15 de maio.

